



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### XUVENTUDE DE BERGONDO: VERÁN 2021

#### Obxectivos:

- Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil.
- Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil no ámbito local.
- Lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual.

**Destinatarios:** de 14 a 30 anos.

**Calendario:** xullo e agosto.

**O programa consta de actividades** variadas onde valoraremos un número mínimo de participantes por grupo.

**Prezo:** actividades gratuítas.

**Prazo de presentación de solicitudes:** do 5 ao 9 de agosto.

### ACTIVIDADES

#### ☐ Taller de Cap Paint

A gorra “trucker” (camionera) aparece en EE. UU. entre os anos 30 e 60, utilizada polos camioneiros e mecánicos como parte do seu uniforme. Nos anos 80, a gorra “trucker” volve ter presenza entre os seguidores da cultura Hip Hop, usada polos bailaríns de “Breakdance” que pintaban o frontal da gorra co seu nome artístico. Neste taller faremos o deseño do noso nome ou alcume en letras de Grafiti, conseguindo un estilo propio.

Duración do taller: 120 minutos.

CALENDARIO: 18 de agosto de 2021  
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): 11:00 a 13:00 horas (2 horas)  
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas

#### ☐ Taller de Skateboard

Deportes urbano dos máis practicados no mundo e modalidade olímpica en 2021. Esta disciplina utiliza o monopatín para realizar diferentes trucos, como saltos ou xiros, entre outros, facendo uso do medio urbano como circuíto “street”, aínda que tamén se desenvolve en espazos concibidos para iso “Skate Parks”

CALENDARIO: 19 de agosto de 2021  
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): 11:30 a 13:30 horas (2 horas)  
LUGAR: Casa da Xuventude e pistas polideportivas anexas

#### ☐ Taller de Rap

Trabállanse diferentes dinámicas baseadas no desenvolvemento creativo de cancións rimadas. Aprendemos a traballar en equipo para desenvolver unha temática, escoller o enfoque da mensaxe e o seu vocabulario e elaborar a rima aplicando os diferentes recursos literarios que se usan na poesía. Unha vez que temos escritos uns cuantos versos interpretámoslos acompañando a unha base musical.

CALENDARIO: 20 de agosto de 2021  
HORARIO / (DURACIÓN TOTAL): 11:00 a 12:30 horas (90 minutos)  
LUGAR: Casa da Xuventude, Casa da Cultura e pistas polideportivas anexas

### As seguintes actividades, obradoiros e cursos ofertaranse ao longo do verán 2021.

☐ Taller de F.S. Football Inscrición: do 12 ao 17 de agosto.

☐ Taller de Creación Audiovisual Inscrición: do 12 ao 17 de agosto.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### ☐ Performance

#### **BASES DAS ACTIVIDADE PARA A XUVENTUDE. VERÁN 2021**

**As actividades para este verán 2021, por mor da crise sanitaria, organizaranse soamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo.**

**1. Prazo de presentación de solicitudes:** a partir do 23 de xuño en diante iranse ofertando as distintas actividades, habilitando un prazo de 5 días para as inscricións en cada actividade e, con tempo suficiente para a súa organización e realización. Dos prazos de inscrición de cada actividade informarase debidamente a través da páxina web do concello.

**2. Horario e forma de presentación de solicitudes:**

- Vía correo electrónico: no correo electrónico [educacion@bergondo.gal](mailto:educacion@bergondo.gal) (preferentemente)
  - Vía formulario “online”: na páxina web [bergondo.gal](http://bergondo.gal) (preferentemente)
- (Enviarase a confirmación da solicitude, vía correo electrónico, destas dúas anteriores vías)
- Vía telemática a través da sede electrónica municipal.
  - Vía presencial: de 9.00 a 14.30 h. na Casa de Cultura. CON CITA PREVIA no **981 79 12 52 ext.7**

**3. Listaxes provisionais:** O día 10 de agosto, comunicaráselles aos inscritos os listados provisionais da actividade, vía correo electrónico.

**4. Prazo de reclamacións:** O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será o 11 de agosto.

**5. Sorteo público:** Si hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 12 de agosto de 2021, ás 10.00 h.

**6. Listaxes definitivas:** O día 12 de agosto, comunicaráselles aos inscritos, vía correo electrónico, as listaxes definitivas de admitidos. O resto dos inscritos figuran na lista de reserva.

**7. ☐ Documentación necesaria para formalizar a inscrición:**

- Folla de inscrición debidamente cuberta.
- Fotocopia do DNI; no caso de ser menores de idade, unha fotocopia do DNI da nai, pai ou titores legais.

**8. O Concello de Bergondo** resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, etc. que se consideren necesarias por motivos organizativos.

**9. As persoas ou representantes dos menores** que participan na actividade que realizan as solicitudes nas actividades de xuventude Verán 2021:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Autorizan unicamente a ceder os datos persoais imprescindíbeis da solicitude á empresa que desenvolverá a actividade.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Autorizan a utilizar as imaxes tomadas na actividade, nas cales aparezan individualmente ou en grupo, para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos ou carácter pedagóxico.
- De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, se informa de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica.

**O número de prazas virá determinado polas disposicións legais do momento e seguindo os criterios de seguridade establecidos polas autoridades sanitarias.**

**En caso de haber máis solicitudes que prazas**, levarase a cabo un sorteo público no **que terán preferencia as persoas empadroadas** no Concello de Bergondo. As non empadroadas non entrarán no sorteo. Para o sorteo elaborárase unha listaxe por orde alfabético co apelido e o nome das persoas solicitantes e un número correlativo. A continuación sacárase un número ao azar e o número que saia será onde comeza a listaxe de persoas admitidas.

Os inscritos sen praza, as persoas non empadroadas e as novas inscricións despois das datas do sorteo, incorporaranse a unha listaxe de reserva.

### **MEDIDAS DE CONTROL DA SAÚDE E PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO COVID-19**

Para **prever a posibilidade de contaxios do coronavirus** valorárase pormenorizadamente a posibilidade de participación, seguindo as seguintes **medidas**:

☐ **Garantizarse o cumprimento das medidas xerais determinadas polas autoridades sanitarias, segundo a súa evolución e cumprindo coa normativa oficial.**

☐ **Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade** (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.

☐ **Os profesionais** a cargo dos menores **velarán pola seguridade na actividade** mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e control da temperatura dos participantes.

☐ **Os proxenitores** ou titores dos participantes **deberán responsabilizarse** da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si algún presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus non acudirá e contactará co profesional responsable de actividade.

☐ **As persoas participantes** nas actividades non poderán asisitir a estas con enfermidades contaxiosas ou que presenten síntomas como: febre, vómitos, diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel así como no caso de ter piollos ou lendias.

Bergondo, 5 de agosto de 2021